



| | |
|-------------------|--|
| Título: | <i>Repertorio bibliográfico da lingüística galega</i> |
| Subtítulo: | <i>Desde os seus inicios ata 1994 inclusive</i> |
| Autor: | Francisco García Gondar (dir.) |
| Editorial: | Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela, 1995 |
| Núm. pp.: | 609 |
| Tamaño: | 24 x 17 cm |

O Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, de Santiago de Compostela, está levando adiante un ambicioso proxecto de informatización da bibliografía existente sobre lingüística galega. Un equipo de xoves investigadoras, dirixido polo profesor Francisco García Gondar e integrado por María Teresa Araújo García, Inés Diz Gamallo, María Teresa Monteagudo Cabaleiro e Pilar Vázquez Grandas, elaboran a base de datos relacional **BILEGA** -Bibliografía Informatizada da Lingüística Galega-, da que é mostra parcial pero ben significativa unha obra acabada de sair do prelo: o *Repertorio bibliográfico da Lingüística Galega*.

Pois ben, este Repertorio trata de recoller tódolos traballos da lingüística galega desde os seus comezos ata o ano 1994 inclusive, abrangendo non só aportacións centradas exclusivamente na lingua galega, senón tamén aqueloutras que inclúan algúns dato puntual sobre o noso idioma. Compílanse libros,

artigos, e recensións publicados en volumes e revistas, contendo información completa sobre as distintas edicións do traballo en cuestión, as traducións e as recensións que se fixeron do mesmo. Algunhas entradas ofrecen, ademais, un comentario aclaratorio do seu contido e/ou interrelacionanxe con outros puntos do *Repertorio*.

Non obstante, o parámetro de organización básico é unha lista de 271 conceptos lingüísticos que foron agrupados en nove bloques temáticos. Dentro de cada un deles, os conceptos distribúense en grupos e subgrupos xerarquicamente ordenados desde o máis xeral ó máis específico. Desta meneira, no volume reúñense as entradas atendendo ó seu contido, ben como traballos de microlingüística, ben como traballos de macrolingüística. Ó bloque de estudos microlingüísticos pertencerían os catro apartados iniciais: de repertorios bibliográficos, cuestións metodolóxicas, fonoloxía e ortografía; de traballos sobre morfoloxía e

sintaxe; e de contribucións lexicolóxicas e lexicográficas. No bloque de análises macrolingüísticas atoparíanse os escritos correspondentes ás temáticas dos cinco últimos apartados: traballos dialectolóxicos, achegas sobre lingüística histórica; análises sociolingüísticas; textos de lingüística aplicada; e caracterizacións de variedades diastráticas do galego.

Xa que logo, esta rigorosa catalogación respecta tódolos apartados prefixados para cada un dos conceptos, quedando algún deles baleiro, sobre todo no ámbito da morfoloxía e da sintaxe, o que amosa o alto grao de desatención investigadora que na nosa lingua sofren tales disciplinas.

Temos, pois, á nosa disposición un volume de obrigada consulta para os estudiosos e interesados no tema, que amplía a xa abondosa información da que nos viñeron fornecendo os *Cadernos de Lingua*. Trátase da anticipación dun labor fundamental de posta ó día da lingüística galega, mediante a súa información, posibilitando unha organización máis diversa, flexible e directa dos materiais e instrumentos de axuda básicos para a comunidade investigadora. Non cabe máis, polo tanto, que desexarlle a este *Repertorio bibliográfico da lingüística galega* a xusta valoración que merece por parte dos especialistas na materia.

Olga Novo